

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

XOVES 20 DE MAIO: UAB, 13 H; SARGADELOS, 19.30 H

Conferencia e presentación de libro do presidente d'A Mesa

Carlos Callón ofrece unha conferencia na UAB e presenta o seu libro “En castellano no hay problema” en Sargadelos Barcelona.

UAB, Sargadelos Barcelona - 21:15 18/05/2010

Carlos Callón (Ribeira, 1978) preside a Mesa pola Normalización Lingüística desde o ano 2002 e o Comité de Estado da Axencia Europea das Linguas Minorizadas (EBLUL) desde 2008, e participou activamente no impulso da plataforma Queremos Galego, da cal é un dos portavoces.

Licenciado en filoloxías galega e portuguesa, publicou diversas investigacións sobre sociolingüística e literatura -materias sobre as cales é un prolífico conferenciante- salientando *Unha historia que nos pertence. A obra poética en galego de Lorenzo Varela* (A Nosa Terra, 2005). O seu último libro, *En castellano no hay problema* (Xerais, 2010), analiza a situación do idioma galego nos últimos tres lustros, deténdose con máis vagar na política lingüística do período do bipartito e do comezo da lexislatura de Alberto Núñez Feijóo. Amais de colaborar con asiduidade en varios medios de comunicación, mantén o blog persoal <http://www.carloscallon.com/>.

Conferencia de Carlos Callón: Como desmantelar a oficialidade dunha lingua: situación e retos do galego

Xoves, 20 de maio ás 13 h

Aula 105 Facultat de Filosofia i Lletres

Universitat Autònoma de Barcelona

Presentación en de libro de Carlos Callón: “En castellano no hay problema”

Xoves, 20 de Maio ás 19:30 h

Galería Sargadelos

Provença, 276